

Artigo único. *Modificación do anexo V do Real decreto 1940/2004, do 27 de setembro, sobre a vixilancia das zoonoses e os axentes zoonóticos.*

O capítulo I do anexo V do Real decreto 1940/2004, do 27 de setembro, sobre a vixilancia das zoonoses e os axentes zoonóticos substitúese polo seguinte:

«CAPÍTULO I

Lista de laboratorios nacionais de referencia

a) Laboratorio Central de Sanidade Animal, sito en Algete (Madrid), para campilobacteriose e os seus axentes causais, listeriose e os seus axentes causais, salmonelose e os seus axentes causais, «*Escherichia coli*» verotoxixénica, leptospirose e os seus axentes causais, psitacose e os seus axentes causais, vibriose e os seus axentes causais, iersiniose e os seus axentes causais, tularemia e os seus axentes causais, borreliose e os seus axentes causais, botulismo e os seus axentes causais, calicivirus, virus da hepatite A, virus da gripe, virus transmitidos por artrópodos, e outras zoonoses e axentes zoonóticos víricos ou bacterianos, distintos dos indicados na alínea b), en produtos para a alimentación animal e en animais vivos.

b) Laboratorio Central de Sanidade Animal, sito en Santa Fe (Granada), para brucelose e os seus axentes causais, tuberculose por «*Mycobacterium bovis*» ou outros axentes, carbuncho e os seus axentes causais, estafilococos coagulasa positivos, febre Q e os seus axentes causais, rabia, leishmaniose e os seus axentes causais, equinococose e os seus axentes causais, triquinose e os seus axentes causais, criptosporidiose e os seus axentes causais, cisticercose e os seus axentes causais, toxoplasmos e os seus axentes causais, anisakiase e os seus axentes causais, e outras parasitoses en produtos para a alimentación animal e en animais vivos, salvo os sospeitosos de rabia.

c) Centro Nacional de Alimentación da Axencia Española de Seguraza Alimentaria e Nutrición, para as zoonoses transmitidas por alimentos.

d) Centro Nacional de Microbioloxía, Instituto de Saúde Carlos III en Majadahonda (Madrid), para os casos de zoonoses no home e nos animais sospeitosos de rabia.»

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 13 de xuño de 2007.–A ministra de Agricultura, Pesca e Alimentación, Elena Espinosa Mangana.

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

12119 *REAL DECRETO 731/2007, do 8 de xuño, polo que se modifican determinadas disposicións para a súa adaptación á normativa comunitaria sobre pensos, alimentos e sanidade dos animais.* («BOE» 147, do 20-6-2007.)

Mediante o Regulamento (CE) n.º 882/2004, do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de abril de 2004, sobre os controis oficiais efectuados para garantir a verificación do cumprimento da lexislación en materia de pensos e alimentos e a normativa sobre saúde animal e benestar dos animais, modificáronse a Directiva 96/23/CE

do Consello, do 29 de abril de 1996, relativa ás medidas de control aplicables respecto de determinadas substancias e os seus residuos nos animais vivos e os seus produtos e pola que se derrogan as directivas 85/358/CEE e 86/469/CEE e as decisións 89/187/CEE e 91/664/CEE, e a Directiva 97/78/CE do Consello, do 18 de decembro de 1997, pola que se establecen os principios relativos á organización de controis veterinarios dos produtos que se introduzan na comunidade procedentes de países terceiros.

Sen prexuízo da eficacia e aplicabilidade directa do dito regulamento, para a necesaria seguraza xurídica é preciso modificar de forma consecvente o Real decreto 1749/1998, do 31 de xullo, polo que se establecen as medidas de control aplicables a determinadas substancias e os seus residuos nos animais vivos e os seus produtos, e o Real decreto 1977/1999, do 23 de decembro, polo que se establecen os principios relativos á organización dos controis veterinarios sobre os produtos procedentes de países terceiros, mediante os cales se incorporaron ao noso ordenamento, respectivamente, as directivas 96/23/CE do Consello, do 29 de abril, e 97/78/CE do Consello, do 18 de decembro de 1997.

O Regulamento (CE) n.º 882/2004 do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de abril de 2004, derroga tamén, entre outras, a Directiva 70/373/CE do Consello, do 20 de xullo de 1970, relativa á introdución de métodos para a toma de mostras e de métodos de análise comunitarios para o control oficial da alimentación animal, e sucesivas directivas de desenvolvemento desta, así como a Directiva 95/53/CE do Consello, do 25 de outubro de 1995, pola que se establecen os principios relativos á organización dos controis oficiais no ámbito da alimentación animal. Por iso, e igualmente, procede a derogación do Real decreto 2257/1994, do 25 de novembro, polo que se aproban os métodos oficiais de análise de pensos ou alimentos para animais e as súas primeiras materias, do Real decreto 214/2003, do 21 de febreiro, polo que se establecen os requisitos para a determinación dos niveis de dioxinas e de policlorobifenilos (PCB) similares ás dioxinas nos pensos, da Orde do Ministerio de Relacións coas Cortes e da Secretaría do Goberno, do 12 de maio de 1989, pola que se aproban os métodos oficiais de toma de mostras de alimentos para animais (pensos), e do Real decreto 354/2002, do 12 de abril, polo que se establecen os principios relativos á organización dos controis oficiais no ámbito da alimentación animal, normas que traspuxeron as ditas directivas, e sempre contando co período transitorio preciso ata que a Unión Europea aprobe as normas de desenvolvemento do citado Regulamento (CE) n.º 882/2004 do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de abril de 2004.

Así mesmo, mediante o Regulamento (CE) n.º 1/2005, do Consello, do 22 de decembro de 2004, relativo á protección dos animais durante o transporte e as operacións conexas, modificáronse as directivas 64/432/CEE e 93/119/CE e o Regulamento (CE) n.º 1255/97.

En consecuencia, débense efectuar idénticas modificacións no Real decreto 1716/2000, do 13 de outubro, sobre normas sanitarias para o intercambio intracomunitario de animais das especies bovina e porcina, e no Real decreto 54/1995, do 20 de xaneiro, sobre protección dos animais no momento do seu sacrificio ou matanza, que incorporan ambas as directivas.

Este real decreto dítase en virtude da habilitación contida na disposición derradeira quinta da Lei 8/2003, do 24 de abril, de sanidade animal, e ao abeiro do artigo 149.1.16.^a da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación xeral da sanidade, e sanidade exterior.

Esta disposición foi sometida á consulta das comunidades autónomas e das entidades representativas dos intereses dos sectores afectados, e emitiu informe sobre

ela a Comisión Interministerial de Ordenación Alimentaria.

Na súa virtude, por proposta das ministras de Agricultura, Pesca e Alimentación, de Sanidade e Consumo e de Fomento, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 8 de xuño de 2007,

DISPÓÑO:

Artigo primeiro. *Modificación do Real decreto 54/1995, do 20 de xaneiro, sobre protección dos animais no momento do seu sacrificio ou matanza.*

O punto 3 da parte II do anexo A do Real decreto 54/1995, do 20 de xaneiro, sobre protección dos animais no momento do seu sacrificio ou matanza, queda redactado do seguinte modo:

«3. Conduciranse os animais con coidado. Os corredores estarán deseñados de tal modo que se reduza ao mínimo o risco de que os animais se poidan ferir e a súa disposición permita aproveitar a natureza gregaria destes. Os instrumentos destinados a guiar os animais só se poderán empregar con este fin e unicamente durante breves momentos. Deberase evitar, na medida do posible, a utilización de aparellos que administren descargas eléctricas. En calquera caso, tales aparellos unicamente se lles aplicarán aos bovinos ou porcinos adultos que rexeiten moverse e só cando teñan espazo diante para avanzar. As descargas non durarán máis dun segundo, deberanse espazar convenientemente e aplicaranse unicamente aos músculos dos cuartos traseiros. As descargas non se deberán aplicar de forma repetida se o animal non reacciona.»

Artigo segundo. *Modificación do Real decreto 1749/1998, do 31 de xullo, polo que se establecen as medidas de control aplicables a determinadas substancias e os seus residuos nos animais vivos e os seus produtos.*

O Real decreto 1749/1998, do 31 de xullo, polo que se establecen as medidas de control aplicables a determinadas substancias e os seus residuos nos animais vivos e os seus produtos, queda modificado como segue:

Un. O punto 2 do artigo 12 queda redactado do seguinte modo:

«2. Os laboratorios comunitarios de referencia serán os designados na parte correspondente do anexo VII do Regulamento (CE) n.º 882/2004 do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de abril de 2004, sobre os controis oficiais efectuados para garantir a verificación do cumprimento da lexislación en materia de pensos e alimentos e a normativa sobre saúde animal e benestar dos animais.»

Dous. A alínea b) do artigo 26.1 queda redactada do seguinte modo:

«b) Intensificará os controis sobre todos os lotes de animais ou de produtos da mesma orixe. En particular, os dez lotes sucesivos procedentes da mesma orixe serán consignados, con depósito dunha provisión para gastos de control no posto de inspección fronteirizo para seren sometidos a un control de detección de residuos mediante a toma dunha mostra representativa do dito lote ou parte do lote.

Cando os controis demostren a presenza de substancias ou produtos non autorizados, ou se superen os límites máximos, aplicarase o disposto

nos artigos 19 a 22 do Regulamento (CE) n.º 882/2004 do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de abril de 2004.»

Tres. O capítulo I do anexo VI queda redactado como segue:

«CAPÍTULO I

Quedan designados como laboratorios nacionais de referencia para a detección de residuos de determinadas substancias os laboratorios seguintes:

a) Centro Nacional de Alimentación (Axencia Española de Seguraza Alimentaria).

Estrada Pozuelo-Majadahonda km 6,2, Majadahonda, Madrid.

Grupos de residuos: A1, A3, A4, A5, A6 (cloranfénico e nitrofuranos), B1, B2f (corticosteroides), B3c (só acuicultura), B3d, B3e.

b) Laboratorio Central de Sanidade Animal do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, sito en Santa Fe.

Camino del Jau, s/n, 18,18320 Santa Fe, Granada.

Grupos de residuos: A2, A6 (nitromidazois), B2a, B2b, B2c, B2d, B2e, B2f (excepto corticosteroides).

c) Laboratorio Arbitral Agroalimentario do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.

Estrada da Coruña, km 10,700, 28023 Madrid.

Grupos de residuos: B3a, B3b, B3c (excepto acuicultura).

d) Laboratorios anteriormente mencionados segundo a acción farmacolóxica. Grupo de residuos: B3f.»

Artigo terceiro. *Modificación do Real decreto 1977/1999, do 23 de decembro, polo que se establecen os principios relativos á organización dos controis veterinarios sobre os produtos procedentes de países terceiros.*

O Real decreto 1977/1999, do 23 de decembro, polo que se establecen os principios relativos á organización dos controis veterinarios sobre os produtos procedentes de países terceiros, queda modificado como segue:

Un. O artigo 1 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 1. *Ámbito de aplicación.*

Os controis veterinarios dos produtos procedentes de países terceiros que se introduzan no territorio español previsto no punto 4 do anexo I, efectuaranse de acordo co establecido neste real decreto e co Regulamento (CE) n.º 882/2004 do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de abril de 2004, sobre os controis oficiais efectuados para garantir a verificación do cumprimento da lexislación en materia de pensos e alimentos e a normativa sobre saúde animal e benestar dos animais, sen prexuízo das obrigas que resulten da normativa alfandegueira.»

Dous. A alínea b) do artigo 10.1 queda redactada do seguinte modo:

«b) Que, na medida que esta obriga estea prevista pola normativa comunitaria, procedan de establecementos autorizados que figuren na lista establecida de conformidade coa dita normativa.»

Tres. No artigo 16 engádese un punto novo, co seguinte contido:

«3. Así mesmo, serán de aplicación as normas detalladas relativas á introdución de produtos de orixe animal destinados á tripulación e aos pasaxeiros de medios de transporte internacionais, e as relativas a produtos de orixe animal que sexan obxecto dun pedido a distancia, incluído por correo, teléfono ou a través da internet, e se envíen ao consumidor, establecidas conforme o artigo 25 do Regulamento (CE) n.º 882/2004 do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de abril de 2004.»

Catro. A alínea b) do artigo 22.1 queda redactada do seguinte modo:

«b) Intensificará os controis sobre todas as partidas de produtos da mesma orixe. En particular, as 10 partidas seguintes procedentes da mesma orixe deberán ser detidas no PIF para seren sometidas a un control físico, que incluírá toma de mostras e determinacións analíticas, segundo establece o anexo IV. Establecerase unha provisión de fondos en depósito ou fianza para cubrir os gastos previstos por este control reforzado. Cando estes controis permitan confirmar o incumprimento da lexislación comunitaria ou, no seu defecto, nacional, deberase dispoñer das partidas ou das partes de partidas en cuestión, conforme o disposto no artigo 17.»

Cinco. O anexo II substitúese polo seguinte:

«ANEXO II Produtos

1. Carnes frescas, carne picada e preparados de carne, carne fresca de aves de curral, carne de coello e carne de caza de granxa, carne de caza silvestre, produtos cárnicos, produtos pesqueiros e produtos da acuicultura, moluscos bivalvos vivos, equinodermos, tunicados e gasterópodos mariños, leite cru, leite tratado termicamente, leite destinado á elaboración de produtos lácteos e produtos lácteos, e ovoprodutos: produtos todos regulados polo Regulamento (CE) n.º 854/2004 do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de abril de 2004, polo que se establecen normas específicas para a organización de controis oficiais dos produtos de orixe animal destinados ao consumo humano.

2. Xeados e mesturas envasadas para conxelar, elaborados con leite ou produtos lácteos, regulados polo Real decreto 618/1998, do 17 de abril, polo que se aproba a Regulamentación técnico-sanitaria para a elaboración, circulación e comercio de xeados e mesturas envasadas para conxelar.

3. Outros produtos de orixe animal, a que se refire o Real decreto 2551/1994, do 29 de decembro, polo que se establecen as condicións de sanidade animal e sanitarias aplicables aos intercambios e ás importacións de produtos non sometidos, con respecto a estas condicións, ás normas específicas establecidas no capítulo 1 do anexo A do Real decreto 49/1993, do 15 de xaneiro e, polo que se refire aos patóxenos, no Real decreto 1316/1992, do 30 de outubro.

4. Subprodutos de orixe animal non destinados a consumo humano, a que se refire o Regulamento (CE) n.º 1774/2002 do Parlamento Europeo e do Consello, do 3 de outubro de 2002, polo que se establecen as normas sanitarias aplicables aos subprodutos animais non destinados ao consumo humano, e o Real decreto 1429/2003, do 21 de novembro, polo que se regulan as condicións de aplicación da normativa comunitaria en materia de subprodutos de orixe animal non destinados ao consumo humano.

5. Esperma bovino, previsto no Real decreto 2256/1994, do 25 de novembro, que establece as exixencias de policía sanitaria aplicables aos intercambios intracomunitarios e ás importacións de esperma de animais da especie bovina.

6. Embrións bovinos, a que se refire o Real decreto 855/1992, do 10 de xullo, que establece as condicións de policía sanitaria aplicables aos intercambios intracomunitarios e ás importacións procedentes de países terceiros de embrións de animais domésticos da especie bovina.

7. Esperma porcino, regulado polo Real decreto 1148/1992, do 25 de setembro, que establece as exixencias de sanidade animal aplicables aos intercambios intracomunitarios e ás importacións de esperma de animais da especie porcina.

8. Esperma, óvulos e embrións doutras especies animais, regulados no Real decreto 1881/1994, do 16 de setembro, sobre condicións de policía sanitaria aplicables aos intercambios intracomunitarios e ás importacións de países terceiros de animais, esperma, óvulos e embrións non sometidos, con respecto a estas condicións, ás disposicións contidas na sección 1 do anexo A do Real decreto 1316/1992, do 30 de outubro.

9. Produtos de orixe animal a que se refiren o Real decreto 1976/2004, do 1 de outubro, polo que se establecen as normas zosanitarias aplicables á produción, transformación, distribución e introdución dos produtos de orixe animal destinados ao consumo humano, e o Regulamento (CE) n.º 854/2004 do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de abril de 2004, polo que se establecen normas específicas para a organización de controis oficiais dos produtos de orixe animal destinados ao consumo humano.

10. Produtos de orixe vexetal, a que se refire o artigo 18.1 deste real decreto.»

Artigo cuarto. *Modificación do Real decreto 1716/2000, do 13 de outubro, sobre normas sanitarias para o intercambio intracomunitario de animais das especies bovina e porcina.*

O Real decreto 1716/2000, do 13 de outubro, sobre normas sanitarias para o intercambio intracomunitario de animais das especies bovina e porcina, queda modificado como segue:

Un. O Artigo 14 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 14. *Condicións do transporte para os intercambios intracomunitarios.*

1. Os animais das especies bovina e porcina recollidos neste real decreto deberán ser transportados en medios de transporte que reúnan os requisitos establecidos no Regulamento (CE) n.º 1/2005, do Consello, do 22 de decembro de 2004, relativo á protección dos animais durante o transporte e as operacións conexas e polo que se modifican as directivas 64/432/CEE e 93/119/CE e o Regulamento (CE) n.º 1255/97. Así mesmo, os transportistas deberán cumprir as seguintes condicións adicionais:

a) Utilizar medios de transporte que:

1.º Se constrúen de tal forma que as feces, o mulime ou a forraxe non se poidan derramar ou caer fóra do vehículo; e

2.º Se limpasen e desinfectasen inmediatamente despois de cada transporte de animais ou de cada transporte de calquera produto que poida

afectar a saúde animal e, en caso necesario, antes de calquera outro cargamento de animais, con biocidas autorizados para tal efecto de conformidade co Real decreto 1054/2002, do 11 de outubro, polo que se regula o proceso de avaliación para o rexistro, a autorización e comercialización de biocidas.

b) Dispoñer de instalacións de limpeza e desinfección adecuadas, autorizadas de conformidade co Real decreto 1559/2005, do 23 de decembro, sobre condicións básicas que deben cumprir os centros de limpeza e desinfección dos vehículos dedicados ao transporte por estrada no sector gandeiro, incluídas instalacións para o almacenamento do mulime e o esterco, ou ben acreditar documentalmente que estas operacións son realizadas por outros centros autorizados conforme o dito real decreto.

2. O transportista, para cada vehículo que efectúe o transporte de animais, levará e manterá á disposición das autoridades competentes, durante un período mínimo de tres anos, un rexistro que incluírá, polo menos, a seguinte información:

a) Os lugares, as datas e as horas de recollida, así como a denominación ou a razón social ou comercial e o enderezo, da explotación ou do centro de concentración en que se recolleron os animais.

b) Os lugares, as datas e as horas de entrega, así como a denominación ou a razón social ou comercial e o enderezo, do destinatario ou destinatarios dos animais.

c) A especie e o número de animais transportados.

d) A data e o lugar de desinfección do vehículo, previo á carga dos animais.

e) Os pormenores da documentación de acompañamento dos animais, con indicación do número.

f) A duración prevista de cada viaxe.

3. Os transportistas serán responsables de que o lote de animais non entre en contacto en ningún momento con animais dunha cualificación sanitaria inferior, desde a súa saída da explotación ou do centro de concentración de orixe ata a súa chegada ao lugar de destino.

4. As autoridades competentes realizarán os oportunos controis ou inspeccións para verificar que os transportistas respectan as disposicións deste artigo, así como as que se refiren á documentación pertinente que debe acompañar os animais.

5. O disposto neste artigo non será aplicable ao transporte de animais ata una distancia máxima de 65 km entre o lugar de saída e o lugar de destino.

6. En caso de incumprimento deste artigo aplicaranse as medidas previstas no artigo 26 do Regulamento (CE) n.º 1/2005 do Consello, do 22 de decembro de 2004.»

Dous. No punto 2 do artigo 19 engádese un novo parágrafo co seguinte contido:

«f) Cumprir as disposicións que lles sexan aplicables do Real decreto 348/2000, do 10 de marzo, polo que se incorpora ao ordenamento xurídico a Directiva 98/58/CE, relativa á protección dos animais nas explotacións gandeiras, e do Regulamento (CE) n.º 1/2005 do Consello, do 22 de decembro de 2004.»

Tres. O punto 2 do artigo 21 queda redactado do seguinte modo:

«2. As comunidades autónomas ou as cidades de Ceuta e Melilla poderán suspender ou retirar a autorización en caso de incumprimento das obrigas establecidas neste real decreto, ou noutras disposicións pertinentes da normativa en materia de sanidade animal enumerada na parte I do anexo A do Real decreto 1316/1992, do 30 de outubro, polo que se establecen os controis veterinarios e zootécnicos aplicables nos intercambios intracomunitarios de determinados animais vivos e produtos con vistas á realización do mercado interior. No caso dos centros de concentración tamén se poderá suspender ou retirar a autorización se se incumpren as disposicións pertinentes do Regulamento (CE) n.º 1/2005 do Consello, do 22 de decembro de 2004.

A suspensión da autorización poderase levantar cando se constate que o centro de concentración ou o comerciante ou operador comercial cumpre todas as disposicións pertinentes deste real decreto.»

Disposición adicional única. *Referencias á normativa derogada.*

As referencias que se conteñan, na normativa aplicable, ás disposicións incluídas na disposición derogatoria única entenderanse referidas ao Regulamento (CE) n.º 882/2004 do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de abril de 2004, sobre os controis oficiais efectuados para garantir a verificación do cumprimento da lexislación en materia de pensos e alimentos e a normativa sobre saúde animal e benestar dos animais.

Disposición transitoria única. *Aplicación transitoria da normativa derogada en materia de alimentación animal.*

Ata que se aprobe normativa comunitaria específica, manterán a súa aplicación, sempre que non resulten contrarias ás normas do dereito comunitario, a Orde do Ministerio de Relacións coas Cortes e da Secretaría do Goberno, do 12 de maio de 1989, pola que se aproban os métodos oficiais de toma de mostras de alimentos para animais (pensos), o Real decreto 354/2002, do 12 de abril, polo que se establecen os principios relativos á organización dos controis oficiais no ámbito da alimentación animal, o Real decreto 2257/1994, do 25 de novembro, polo que se aproban os métodos oficiais de análise de pensos ou alimentos para animais e as súas primeiras materias e o Real decreto 214/2003, do 21 de febreiro, polo que se establecen os requisitos para a determinación dos niveis de dioxinas e de policlorobifenilos (PCB) similares ás dioxinas nos pensos.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Sen prexuízo do establecido na disposición transitoria única, quedan derogadas as seguintes disposicións:

a) Os artigos 12.9, 15.5 e 21 do Real decreto 1977/1999, do 23 de decembro, polo que se establecen os principios relativos á organización dos controis veterinarios sobre os produtos procedentes de países terceiros.

b) O anexo V do Real decreto 1749/1998, do 31 de xullo, polo que se establecen as medidas de control aplicables a determinadas substancias e os seus residuos nos animais vivos e os seus produtos.

c) A Orde do Ministerio de Relacións coas Cortes e da Secretaría do Goberno, do 12 de maio de 1989, pola

que se aproban os métodos oficiais de toma de mostras de alimentos para animais (pensos).

d) O Real decreto 354/2002, do 12 de abril, polo que se establecen os principios relativos á organización dos controis oficiais no ámbito da alimentación animal, coa excepción das súas disposicións derradeiras segunda e terceira.

e) O Real decreto 2257/1994, do 25 de novembro, polo que se aproban os métodos oficiais de análise de pensos ou alimentos para animais e as súas primeiras materias.

f) O Real decreto 214/2003, do 21 de febreiro, polo que se establecen os requisitos para a determinación dos niveis de dioxinas e de policlorobifenilos (PCB) similares ás dioxinas nos pensos.

Disposición derradeira primeira. Título competencial.

Este real decreto ten carácter básico e dítase ao abeiro do artigo 149.1.16.^a da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de bases e coordinación xeral da sanidade.

Exceptúase do dito carácter de normativa básica a regulación contida no artigo terceiro, que se dita ao abeiro do disposto no artigo 149.1.16.^a, primeiro inciso, da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de sanidade exterior.

Disposición derradeira segunda. Entrada en vigor.

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 8 de xuño de 2007.

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta primeira do Goberno
e ministra da Presidencia,

MARÍA TERESA FERNÁNDEZ DE LA VEGA SANZ

MINISTERIO DE ASUNTOS EXTERIORES E DE COOPERACIÓN

12195 *ORDE AEC/1817/2007, do 15 de xuño, pola que se modifica a Orde AEC/163/2007, do 25 de xaneiro, pola que se desenvolve o Real decreto 519/2006, do 28 de abril, polo que se establece o Estatuto dos cooperantes. («BOE» 148, do 21-6-2007.)*

O 14 de maio de 2006 entrou en vigor o Real decreto 519/2006, do 28 de abril, polo que se establece o Estatuto dos cooperantes (BOE do 13 de maio de 2006).

O Estatuto dos cooperantes contén unha serie de disposicións que requirían un desenvolvemento normativo ulterior. Para os ditos efectos aprobouse a Orde AEC/163/2007, do 25 de xaneiro (BOE do 2 de febreiro de 2007) que constitúe un desenvolvemento parcial do Estatuto dos cooperantes en relación con aquelas obrigas que este lle impón á Axencia Española de Cooperación Internacional (en diante AECI). A citada orde entrou en vigor o 3 de febreiro de 2007.

Polo que respecta ao seguro colectivo dos cooperantes, a Orde AEC/163/2007 establece os capitais mínimos

que, tanto a AECI na contratación do seguro colectivo como as entidades promotoras da cooperación internacional para o desenvolvemento ou a acción humanitaria que subscriban pólizas independentes, deben asegurar por cada un dos conceptos que a propia orde determina no seu punto quinto.

Transcorrido un prazo razoable desde a entrada en vigor das normas citadas, detectouse a necesidade de introducir unha modificación que afecta o capital mínimo asegurado fixado para a asistencia sanitaria na letra g) do punto quinto da Orde AEC/163/2007. A dita modificación obedece ás dificultades que encontraron as entidades promotoras da cooperación para o desenvolvemento ou a acción humanitaria para o cumprimento da dita exigencia á hora de asegurar con carácter individual o seu persoal.

En virtude de todo iso dispoño:

Primeiro. Modificación da letra g) do punto quinto da Orde AEC/163/2007, do 25 de xaneiro.–Modifícase a letra g) do punto quinto da Orde AEC/163/2007, do 25 de xaneiro, que queda redactada como segue:

«g) Asistencia sanitaria: 100.000 euros.»

Disposición derradeira.

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial del Estado.

Madrid, 15 de xuño de 2007.–O ministro de Asuntos Exteriores e de Cooperación, Miguel Ángel Moratinos Cuyaubé.

MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA E ALIMENTACIÓN

12197 *ORDE APA/1818/2007, do 13 de xuño, pola que se modifican o Regulamento técnico de control e certificación de sementes de plantas hortícolas e o Regulamento técnico de control da produción e comercialización de chantóns de hortalizas e material de multiplicación de hortalizas distinto das sementes. («BOE» 148, do 21-6-2007.)*

A Directiva 2006/124/CE da Comisión, do 5 de decembro de 2006, pola que se modifican a Directiva 92/33/CEE do Consello, relativa á comercialización de chantóns de hortalizas e de materiais de multiplicación de hortalizas, distintos das sementes, e a Directiva 2002/55/CE do Consello, referente á comercialización de sementes de plantas hortícolas, unificou o ámbito de aplicación de ambas as directivas para que se apliquen aos mesmos xéneros e especies e ampliou ese ámbito ao xénero *Zea mays* L. (partim) millo doce, millo para flocos.

Pola súa vez, á luz dos avances científicos, púxose de relevo que algunhas denominacións botánicas utilizadas en ambas as directivas son incorrectas ou de dubidosa autenticidade, polo que se substitúen esas denominacións polas aceptadas internacionalmente.

As ditas directivas foron incorporadas ao ordenamento xurídico interno, no que se refire á certificación de determinadas especies, mediante o Regulamento técnico de control e certificación de sementes de plantas hortícolas, aprobado pola Orde do 1 de xullo de 1986, e o Regulamento técnico de control da produción e comercialización de chantóns de hortalizas e material de multiplicación